



XUNTA DE GALICIA
XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACIÓN
DE MONTES VECIÑAIS

BENITO CORBAL, 47 - 5.ª
TELEF.: 986 805 335 - 986 805 435
36071 - PONTEVEDRA



REGISTRO DE MONTES VECIÑAIS
EN MAN COMÚN
PONTEVEDRA
COTEJADO, E CONFIRMAO CO ORIGINAL
21 SEP 2004
Data: _____
O FUNCIONARIO ENCARGADO

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. José A. López Rodríguez
(Delegado Provincial da Consellería de
Medio Ambiente)

VOCAIS

Dn. Alfonso Castro Carrera
(Avogado polo Colexio da provincia)
D. Manuel Francisco Gutierrez
(Xefe do Servizo de Montes e
Industrias Forestais)
D. Luis M^º Muíños Vidueira
(Letrado da Asesoría Xurídica da
Xunta)

**VOCAIS REPRESENTANTES DO
LUGAR DE INSUA, CONCELLO DE
PONTECALDELAS**

D. Perfecto Vilariño Pacheco
D. Antonio Regueira Díaz

SECRETARIO

Dna. Pilar Pita Ponte
(Xefa de Sección do Servizo Técnico-
Xurídico da Delegación de Medio
Ambiente)

O Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais de Pontevedra
dictou a seguinte RESOLUCION:

Na cidade de Pontevedra, sendo as
dezasete horas do día vinteoito de abril
do 2004, coa asistencia das persoas ó
marxe reseñadas, reúnese na 3ª planta
do edificio sito no nº 47 da rúa Benito
Corbal o Xurado Provincial de
Clasificación de Montes Veciñais en
Man Común ó obxecto de decidir sobre
a clasificación do monte "Coteliño" do
lugar de Insua, do concello de
Pontecaldelas.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data de entrada
20/05/99, D. Perfecto Vilariño
Pacheco, na súa condición de presidente
da CMVMC de Insua, e en
representación da mesma, presenta
solicitud de iniciación de expediente
de clasificación do monte denominado
"Coteliño" como veciñal en man común
para os veciños do lugar de Insua, do
concello de Pontecaldelas,
acompañando diversa documentación,
describindo o monte, croquis, superficie
e lindeiros.



SEGUNDO.- Con data 30/07/99 completan a súa solicitude aportando planimetría e sinalando como colindantes:

- Norte:** Herdeiros de Evelisa Baqueiro Garrido, Erlicia Rosa Vidal Lopo, Pastora Amoedo Garrido e Carmen Muiños Fernández
- Sur:** Arturo Bouzas Vidal, Adelina Martínez Baqueiro, Joaquín Luciano Aguiar Barros, Manuel Vilariño Santoro, Celina Montero Montero e Regueiro do Cabo
- Leste:** Cándida González González, M^a Dolores Vidal Lusquiños, M^a Aldita Lusquiños Lorenzo, Manuel Laíns Barros, Alfredo Orge Garrido, Manuel Laíns Barros, Herdeiros de Francisco Aspera e Perfecto Vilariño Pacheco
- Oeste:** Carmen Muiños Fernández, Esperanza Regueira Ventín, Herdeiros de Purificación González Lopo, Manuel Alvarez Lorenzo, Herdeiros de Adelaida Muiños Vázquez, Herdeiros de Oswaldo Alfonso Baqueiro Aspera, Herdeiros de Deolinda Baqueiro Dacosta, Carmen Garrido de la Encarnación, Herdeiros de Soledad Amoedo, Herdeiros de Manuel Francisco Amoedo Amoedo, Herdeiros de Manuel Amoedo Vidal, Manuel Alvarez Lorenzo, Carmen Garrido de la Encarnación e Herdeiros de Esperanza Regueira Ventín

Con data 02/08/99 solicítase ó Servicio de Montes e Industrias Forestais informe previo, informe que é evacuado en data 17/12/99 co seguinte tenor:

“Que realizada visita al monte “Coteliño” se comprueba:

- 1.- Que el monte tiene carácter forestal con una masa mixta de pino y eucalipto.*
- 2.- Que el aprovechamiento viene siendo por parte de los vecinos.*
- 3.- Que sobre el terreno se identifican los límites del monte.*
- 4.- Que la planimetría aportada es suficiente para la identificación de la parcela”*

TERCEIRO.- Na reunión celebrada polo Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común o día 8 de febreiro do 2002 acordouse á vista do informe elaborado polo Servicio de Montes e I.F. incoar o expediente para a súa clasificación, nomear instructor do mesmo a D. Luis M^a Muiños Vidueira e a remisión do mesmo ó Servicio de Montes e Industrias Forestais ó obxecto de elaboralo informe preceptivo, informe que é evacuado en data 01/09/02

CUARTO.- En data 11 de outubro do 2002, solicítase ó Rexistro da Propiedade de Pontecaldelas certificado de cargas, ante a falta de contestación do Rexistro da Propiedade en data 22 de xullo do 2003 reitérase de novo, contestando en data 10 de novembro do 2003 que a parcela solicitada non aparece inscrita a favor de persoa algunha.

QUINTO.- Feita-las comunicacións do artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e aberto período de audiencia non se presentaron alegacións.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común. Expedientes que se iniciarán, de conformidade co establecido no artigo 19 do Decreto 260/1992 polo que se aproba o Regulamento da lei 13/89 a instancia, entre outros, de calquera veciño ou grupo de veciños, circunstancia que concorre no solicitante.

Segundo.- De conformidade co artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro comprende por montes veciñais en man común "... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños".

Así, segundo abondosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

Terceiro.- O uso en man común do monte "Coteliño" tense suficientemente acreditado polo informe do Servicio de Montes e Industrias Forestais, principalmente o informe do 17 de decembro de 1999, no que se constata o aproveitamento por parte dos veciños do monte solicitado ó indicar que en dito monte "... el aprovechamiento viene siendo por parte de los vecinos"

Cuarto.- Á vista da documentación obrante no expediente o monte "Coteliño", obedece á seguinte descripción:

CONCELLO: PONTECALDELAS

LUGAR: INSUA

PARROQUIA: INSUA

NOME DO MONTE: "Coteliño"

Cabida: 2,70 Has. (Superficie alegada na solicitude)

Límites:

Norte: Propiedades particulares de Herdeiros de Evelisa Baqueiro Garrido, Rosa Vidal Lopo, Pastora Amoedo Garrido e Carmen Muiños Fernández

Sur: Propiedades particulares de Arturo Bouzas Vidal, Adelina Martínez Baqueiro, Joaquín Luciano Aguiar Barros, Manuel Vilariño Santoro, Celina Montero Montero e Regueiro do Cabo



REGISTRO DE MONTES VECIÑAIS
EN MAN COMÚN
PONTEVEDRA
COTEXADO, É CONFORME COA
Data: 21 SEP 2004
O.FUNCIONAR

- Leste:** Propiedades particulares de Cándida González González, M^a Dolores Vidal Lusquiños, M^a Aldita Lusquiños Lorenzo, Manuel Lains Barros, Alfredo Orge Garrido, Manuel Lains Barros, Herdeiros de Francisco Aspera e Perfecto Vilariño Pacheco
- Oeste:** Propiedades particulares de Carmen Muiños Fernández, Esperanza Regueira Ventín, Herdeiros de Purificación González Lopo, Manuel Alvarez Lorenzo, Herdeiros de Adelaida Muiños Vázquez, Herdeiros de Oswaldo Alfonso Baqueiro Aspera, Herdeiros de Deolinda Baqueiro Dacosta, Carmen Garrido de la Encarnación, Herdeiros de Soledad Amoedo, Herdeiros de Manuel Francisco Amoedo Amoedo, Herdeiros de Manuel Amoedo Vidal, Manuel Alvarez Lorenzo e Herdeiros de Esperanza Regueira Ventín


En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, proponse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA:**

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte "Coteliño", a favor dos veciños do lugar de Insua, do concello de Pontecaldelas de acordo coa descrición reflectida no fundamento cuarto e a planimetría elaborada para o efecto polo Servicio de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.



[Handwritten signatures and initials]



C.M.V.M.C. DE INSUA
MONTE "COTELIÑO"
SUP. = 2,70 Has. Aprox.

DATA : MAIO-2.004
ESCALA : 1/5.000
AUTOR : TOPOGRAFIA

TRABALLO : PLANO DE CLASIFICACIÓN
CONCELLO : PONTECALDELAS PARRÓQUIA : INSUA
COMUNIDADE : INSUA MONTE : COTELIÑO

Nº DA FOLLA :
185-78

